

## O valor da lingua

De total-as manifestacións que contribúen a destacar e a fa-  
guer verdadeiramente inconfundibel a persoalidade de un pobo, nin-  
gunha hai que teña a importancia nen que abranga a trascendencia  
de manifestación idiomática. Ela é, esencialmente i-en primeiro ter-  
mo, a mais outa, a mais relevante proba da existencia de unha per-  
soalidade nacional que a despeito de total-as continxencias se mani-  
festa viva, ceibe e alonxada de toda posibilidade de asimilación ou  
confusionismo. Da sua importancia donan probas elocuentes e indu-  
bitábeis os desenros de todol-os procesos imperialistas de somet-  
imento e anulación de pobos que a través da Historia poden ollarse.  
N-elas déixase vere como todol-os esforzos anuladores que os pobos  
imperialistas fixeron decote pra o millor esmorecemento das diver-  
sidades nazonaes qu'estorbaban a sua obra, s'encamiñaron sempre  
e de un xeito principal a conseguire a suplantación, o troque dos  
verbos peculiares das nacionalidades asoballadas pol-o seu propio  
verbo, xa que soio de iste xeito o encadeamento material, o encade-  
amento das persoas e da colectividade viña a completarse có enca-  
deamento dos espritos.

Do devandito déitase inmediatamente a xustificación do gran  
valor, do valor escepcional que o cultivo do idioma propio tén. Sen-  
do como él é, o froito mais orixinal que un pobo produce, algo eisi  
como o supremo matiz difrenzador que o caracteriza, persoalizánd-  
o, até o punto de constituire un balado infranqueabel contra os in-  
tentos absorcionistas ou asimilistas que outros pobos poidan aco-  
charen con respecto a él, doadamente se comprende que un pobo  
que se non ache degradado i-envilecido, ou no que por causas tera-  
tolóxicas teñan feito niño arelas de suicidio, terá de loitare i-esfor-  
zarse, decote porque o tesouro insuperábel e valiosísimo da sua lín-  
gua non soio se manteña vivo, sinón que, ademais, cada vegada se  
arriqueza e valorice con novas aportacións e abranguendo un mei-  
rande cultivo i-espallamento.

Téndoo eisi en conta e convencidos de que soio coá política da  
língua a Galiza poderá erguerse e reconstruire a sua propia persoa-  
lidade, póndoa en condicións de chegar a abranguere a vida de li-  
berdade que por lei natural lle corresponde, todol-os que hoxe, ei-  
quí na terra, sentimos a verdadeira e intima compenetración con  
ela, fixemos do cultivo do idioma vernáculo o postulado capital das  
nosas arelas e degoiros mais caros. Compreendendo que a fala ma-  
terna é algo eisi como o refrexo do espírito territorial, e que arrene-  
gare d'ela sería tanto como arrenegare do propio "genius loci" do  
xeito específico e difrenzador que a terra nai impón a cada pobo,  
de algo, n-unha verba, que constituie o mais ergueito que como ga-  
legos levamos en nós, ao cultivo da fala consagramos preferente  
atención e de ise cultivo faguemos obriga ineiscusábel, sabendo que  
soio de ise xeito imos en dereitura á prena independización dos no-  
sos espritos galegos, i-estando decatados de que soio con isa inde-  
pendización se poderá abranguere a singular e magna colleita que  
todol-os bos patriotas degoiran.